



Ensino mixto, indicacións para o alumnado, curso 2020/21.

Cuestións previas.

- No IES A Xunqueira II optamos polas ferramentas corporativas da Consellería para o desenvolvemento do ensino mixto (ben sexa presencial, semipresencial ou a distancia) tales como o EVA-Edixgal e as aulas virtuais, o sistema de videoconferencias Webex meetings, abalarMóbil e EspazoAbalar (comunicacións coa comunidade educativa) e webs dinámicas (web do centro) deste xeito escoitamos a solicitude das persoas responsables de alumnado cando teñen mostrado o seu malestar polo uso de múltiples e variadas plataformas de formación online o que conleva contornas e accesos diferentes que dificultan o acceso ás mesmas ao mesmo tempo que o seguimento do proceso de ensinanza-aprendizaxe.
- **1º e 2º da ESO** xestiónanse a través do Espazo Virtual de Aprendizaxe do Edixgal (en adiante EVA-Edixgal) ao que se pode acceder coa seguinte ligazón → <https://eva.edu.xunta.gal/>
 - Independentemente que a nosa materia sexa EDIXGAL ou teñamos libro de texto en soporte papel esta é a plataforma a utilizar para estes niveis.
- **3º e 4º da ESO, e 1º e 2º de bacharelato** xestiónanse na aula virtual Moodle do centro (en adiante AV-IX2) á que se pode acceder coa seguinte ligazón → <http://aulavirtual.iesaxunqueira2.com/>
- **A maiores xestiónase na AV-IX2** os seguintes apartados **para tódolos niveis**:
 - Axenda de actividades e probas.
 1. Aquí notificaremos os avisos das actividades e probas de xeito colaborador entre todo o equipo docente, tendo acceso en aberto o alumnado e ás súas persoas responsables.
 - Proxectos de innovación educativa.
 - Alumnado de 2º, 3º e 4º da ESO, e 2º de bacharelato con materias pendentes.

Acceso ás distintas plataformas (credenciais).

- **EVA-Edixgal** → <https://eva.edu.xunta.gal/>:



- As credenciais de alumnado xéranse automaticamente desde secretaría e serán distribuídas desde a dirección a través das persoas titoras ou directamente nas clases na 2ª quincena de setembro.
- O usuario ben definido pola Consellería e non se pode cambiar.
- Para o contrasinal tedes un primeiro acceso con cambio forzado para que elixas o que estimes oportuno. É importante non elixir un ao chou xa que logo non vos lembrades.
- É conveniente que memoricedes estes datos pois, ás veces, o deixades memorizado no portátil edixgal e logo cando tedes que acceder desde outro equipo ou logo dunha substitución xa non vos lembrades.
- **No caso de que esquezades as vosas credenciais, consultade a calquera profesor de materias edixgal e procederá a restaurarlal no momento.**



• **AV-IX2** → <http://aulavirtual.iesaxunqueira2.com/>:

- Desde as oficinas, durante o proceso de matrícula, se dan de alta a tódolos usuarios do centro (alumnado e profesorado) coas credenciais anteriormente indicadas.

○ **Credenciais do alumnado:**

1. Usuario → nome.apellido1.apellido2 (os artigos van xuntos)

- Exemplo 1 → luis.perez.fernandez *Pérez *Fernández
- Exemplo 2 → luis.delafuente.pineiro *De La Fuente * Piñeiro

2. Contraseñal:

- 1º acceso → 12345
- 2º acceso e seguintes → O que teñas definido, quedando permanente

3. **Ante calquera problema de acceso** (usuario descoñecido; contraseñal errónea, esquecido o bloqueado...) **consultade nas oficinas durante os períodos de lecer.**

4. Dada a proliferación de **dispositivos electrónicos** tales como teléfonos **móviles e tablets**, tamén se pode acceder desde a **app moodle en Android e IOS.**

- Poderemos acceder como estudante e/ou profesor podendo conectar múltiples aulas virtuais se o precisamos (Platega, UNED...).

• **Webex meeting:**

- O acceso é a través das seguintes formas:

1. Podes conectarte **a través de calquera navegador**, a través da aplicación de escritorio ou mesmo a través do **móbil ou mesmo do tablet.**

2. Invitación a través da sala persoal do profesorado.

- Poñendo no navegador <https://eduxunta.webex.com/meet/usuario>, onde substituiremos “usuario” polo correo electrónico do profesorado sen “@edu.xunta.gal”. Estes datos os podes consultar en:
 - <http://xd.iesaxunqueira2.com/>, para as xefaturas de departamento.
 - <http://titorias.iesaxunqueira2.com/>, para as persoas titoras.
 - <http://sc.iesaxunqueira2.com/>, para o profesorado sen cargo.

3. Invitación a través dunha reunión axendada no calendario.

- O profesorado che fornecerá un número de nove díxitos e un contraseñal de acceso.

Pontevedra, 02 de Outubro de 2020.

Asdo.: A director.

D. Juan Carlos Pérez Mestre.



Webex Meetings

